TESOURERÍA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ESTABLECEN DOUS PERIODOS DE PAGO EN PERIODO VOLUNTARIO PARA OS RECIBOS DO IBI URBANO DOS CONCELLOS DE AMES E BRIÓN

D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

Ata o momento, o cobro dos recibos do IBI de natureza Urbana dos Concellos que teñen delegada a xestión, inspección e recadación deste imposto na Deputación, realizábase dentro da chamada 2ª voluntaria; é dicir, dende o 15 de setembro ata o 20 de novembro como regra xeral.

Con data 19 de outubro de 2016 recíbense nesta Deputación dous escritos dos Concellos de Ames e Brión, nos que se solicita o pago voluntario dos recibos do IBI urbano en dous prazos, a fin de facilitar aos contribuíntes o cumprimento das súas obrigas tributarias.

Con base no anteriormente exposto

RESOLVO

Establecer para os Concellos de Ames e Brión, a partir do exercicio 2017, a posibilidade de pagamento do recibo do IBI de natureza Urbana en dous cargos: a metade do importe segundo o padrón, o 30 de xuño ou inmediato hábil anterior, e a

outra metade, un mes antes do último día do período de pago da segunda voluntaria ou inmediato hábil anterior (como regra xeral, o 20 de outubro).

Para iso, será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a solicitude expresa do obrigado ao pago.
- a domiciliación bancaria destes pagos.

Para que a solicitude xurda efectos no período recadatorio inmediatamente posterior á súa presentación deberá ter entrada na Deputación cunha antelación mínima dun mes sobre a data do primeiro cargo en conta (é dicir, aproximadamente antes do 31 de maio) e non ser defectuosa.

O incumprimento de pago do primeiro prazo, comportará a aplicación das regras xerais sobre domiciliacións, no sentido de que esta quedará anulada.

Dado que o primeiro cargo realizarase de xeito anticipado, este pago en dous prazos non levará consigo a esixencia de xuros de mora.

Esta medida empezarase a aplicar no 2017 unicamente, a maneira de proba, para estes dous concellos, sen prexuízo de que poida estenderse a outros concellos no futuro.

Os modelos oficiais de solicitude serán os que se inclúen a continuación. Estarán ao dispor dos interesados na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal) e nas súas oficinas de atención ao público.

Esta resolución deixa sen efecto a anterior Resolución de Presidencia nº 29.793, de 5 de 5 de diciembre de 2016.

Deputación DA CORUÑA

SERVIZO DE RECADACIÓN

DOMICILIACIÓN DE RECIBO EN DOUS PRAZOS
Mandato adeudo directo SEPA
(Só válido para IBI Urbana dos concellos de Ames e Brión)

(Reservado para cumplimentar pola Deputación)

Referencia única do mandato: | | | | | | | | | | | | |

Tipo de pago: RECORRENTE

Prazos: **2** **(Cargarase na conta nos meses de xuño e octubre)**

Autorizo ao Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña para que faga efectivo o importe dos vencementos periódicos ordinarios que se produzan a partir da data de entrega deste documento, do recibo cuxos datos se especifican no apartado A, con cargo á conta que se indica no apartado B, da que son o titular ou o seu representante. A xestión da domiciliación levarase a cabo nos termos e condicións aprobadas pola Deputación, e que acepto expresamente.

A) DATOS DO RECIBO A DOMICILIAR:

1) Concello ou organismo *		
2) Concepto *	3) Nº fixo, matrícula ou identificación do valor *	
4) Obxecto tributario		
5) Apelidos e nombre ou razón social do suxeito pasivo *		6) NIF *

B) DATOS DA CONTA DE CARGO:

7) Apelidos e nome ou razón social do titular da conta*			8) NIF *
8) Apelidos e nome do representante ou autorizado (se é o caso)			10) NIF
11) Domicilio			12) Código postal
13) Municipio	14) Provincia		15) País
16) Correo electrónico		17) Teléfono 1	18) Teléfono 2
19) IBAN (Número internacional de conta bancaria) *			
20) BIC (Código internacional da entidade) *			

En _____, a ____ de _____ de 2_____

21) Firma do titular da conta, do seu representante o da persoa autorizada *

Deputación Provincial da Coruña (Identificador: ES57000P1500000C)
Rúa Mister Archer Milton Huntington, 17
15071 - A Coruña - España

RESUMO DAS NORMAS SOBRE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Este formulario só e válido para domiciliar os recibos do IBI de natureza Urbana dos concellos de Ames e Brión.

1. **Os cadros marcados cun asterisco (*) deberán ser cubertos en todo caso**. A aportación de copias de recibos ou documentos anexos non escusará da obriga de cubrir os ditos cadros.

2. Deberá empregarse un formulario por cada recibo a domiciliar.

3. A domiciliación autorizará ao Servizo de Recadación para ordenar á entidade de depósito o cargo en conta que corresponda a cada prazo, coa obriga do titular da conta de dispoñer de saldo suficiente no momento de realizarse o dito cargo. As datas de cargo na conta serán as seguintes:

- O primeiro prazo, polo 50% do importe do recibo, cargarase na conta o 30 de xuño ou inmediato hábil anterior.
- O segundo prazo, polo 50% restante do importe do recibo, cargarase na conta un mes antes do último día do período de pago da segunda voluntaria, ou inmediato hábil anterior.

4. A orde de domiciliación deberá ser entregada ao Servizo de Recadación:

a) Persoalmente ou por correo postal (a algunha das oficinas tributarias da Deputación).

b) Por correo electrónico (recadacion.domiciliacions@dicoruna.es).

c) Por fax (981 080 092)

Para que teña efectos no período recadatorio inmediato á súa presentación deberá ter entrada cunha antelación mínima dun mes sobre a data de cargo na conta do primeiro dos prazos.

5. A domiciliación afectará exclusivamente aos vencementos periódicos ordinarios de recibos que se produzan a partir da data de presentación da autorización. As liquidacións de ingreso directo que, por diversas causas, se practiquen e notifiquen ao contribuínte non se verán afectadas pola domiciliación, aínda que a orde sexa anterior ás ditas liquidacións.

6. A domiciliación terá validez indefinida, a non ser que se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Orden expresa de anulación, cursada polo contribuínte, o suxeito pasivo, o titular da conta ou persoa debidamente autorizada, comunicada ao Servizo de Recadación.

b) Modificación da identificación do recibo (número fixo, matrícula) polo organismo responsable da elaboración do correspondente censo ou padrón.

c) Cambio de titular segundo o padrón (suxeito pasivo) do recibo domiciliado.

d) Rexeitamento ou devolución do cargo pola entidade financeira.

e) Incumprimento, polo titular da conta ou a entidade financeira, das normas sobre domiciliacións.

f) Anulación polo Servizo de Recadación, por causas obxectivas. A anulación será comunicada ao contribuínte ou, se afectara a un grande número deles, publicada no Boletín Oficial da Provincia e na prensa diaria da provincia.

7. Á orde de domiciliación deberá achegarse documento bancario acreditativo tanto da titularidade da conta como da súa correcta identificación.

8. Cando o asinante da orde sexa o titular da conta, achegarase unha fotocopia do seu DNI, agás que a orde se presente selada pola entidade financeira.

Cando a orde de domiciliación sexa asinada por un representante ou persoa autorizada do titular da conta, deberá presentarse necesariamente selada pola entidade financeira.

O selo da entidade financeira suporá que esta comprobou tanto a identidade e capacidade do asinante así como os demais datos da conta, e que tomou razón da dita orde

9. A identificación do recibo a domiciliar (cadro nº 3) será o número fixo.

10. As ordes de domiciliación defectuosas teranse como non presentadas ata que se corrixa a deficiencia.

Para calquera consulta ou aclaración pode chamar ao teléfono 900 132 204 ou enviar unha mensaxe ao enderezo electrónico atencion.tributaria@dacoruna.gal.

Deputación DA CORUÑA

SERVICIO DE RECAUDACIÓN

DOMICILIACIÓN DE RECIBO EN DOS PLAZOS
Mandato adeudo directo SEPA
(Sólo válido para IBI Urbana de los ayuntamientos de Ames y Brión)

(Reservado para cumplimentar por la Diputación)

Referencia única del mandato: | | | | | | | | | | | | |

Tipo de pago: RECURRENTE

Plazos: **2** **(Se cargará en cuenta en los meses de junio y octubre)**

Autorizo al Servicio de Recaudación de la Diputación Provincial de A Coruña para que haga efectivo el importe de los vencimientos periódicos ordinarios que se produzcan a partir de la fecha de entrega de este documento, del recibo cuyos datos se especifican en el apartado A, con cargo a la cuenta que se indica en el apartado B, de la que soy titular o su representante. La gestión de la domiciliación se llevará a cabo en los términos y condiciones aprobadas por la Diputación, y que acepto expresamente.

A) DATOS DEL RECIBO A DOMICILIAR:

1) Ayuntamiento u organismo *		
2) Concepto *	3) Nº fijo, matrícula o identificación del valor *	
4) Objeto tributario		
5) Apellidos y nombre o razón social del sujeto pasivo *		6) NIF *

B) DATOS DE LA CUENTA DE CARGO:

7) Apellidos y nombre o razón social del titular de la cuenta*			8) NIF *
8) Apellidos y nombre del representante o autorizado (si es el caso)			10) NIF
11) Domicilio			12) Código postal
13) Municipio	14) Provincia		15) País
16) Correo electrónico		17) Teléfono 1	18) Teléfono 2
19) IBAN (Número internacional de cuenta bancaria) *			
20) BIC (Código internacional de la entidad) *			

En _____, a ____ de _____ de 2_____

21) Firma del titular de la cuenta, de su representante o de la persona autorizada *

Diputación Provincial de A Coruña (Identificador: ES57000P1500000C)
C/ Mister Archer Milton Huntington, 17
15071 - A Coruña - España

RESUMEN DE LAS NORMAS SOBRE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Este formulario sólo es válido para domiciliar los recibos de IBI de naturaleza Urbana de los ayuntamientos de Ames y Brión.

1. **Los cuadros marcados con un asterisco (*) deberán ser cubiertos en todo caso**. La aportación de copias de recibos en documentos anexos no excusará de la obligación de cubrir dichos cuadros.

2. Deberá utilizarse un formulario por cada recibo a domiciliar.

3. La domiciliación autorizará al Servicio de Recaudación de la Diputación para ordenar a la entidad de depósito el cargo en cuenta que corresponda a cada plazo, siendo obligación del titular de la cuenta disponer de saldo suficiente en el momento de realizarse dicho cargo. Las fechas de cargo en cuenta serán las siguientes:

- El primer plazo, por el 50% del importe del recibo, se cargará en cuenta el 30 de junio o inmediato hábil anterior.
- El segundo plazo, por el 50% restante del importe del recibo, se cargará en cuenta un mes antes del último día del período de pago de la segunda voluntaria, o inmediato hábil anterior.

4. La orden de domiciliación deberá ser entregada al Servicio de Recaudación:

a) Personalmente o por correo postal (a alguna de las oficinas tributarias de la Diputación).).

b) Por correo electrónico (recaudacion.domiciliaciones@dicoruna.es).

c) Por fax (981 080 092).

Para que surta efectos en el período recaudatorio inmediato a su presentación deberá tener entrada con una antelación mínima de un mes sobre la fecha de cargo en cuenta del primero de los plazos.

5. La domiciliación afectará exclusivamente a los vencimientos periódicos ordinarios de recibos que se produzcan a partir de la fecha de presentación de la orden. Las liquidaciones de ingreso directo que, por diversas causas, se practiquen y notifiquen al contribuyente no se verán afectadas por la domiciliación, aunque la orden sea anterior a dichas liquidaciones.

6. La domiciliación tendrá validez indefinida, salvo que se produzca alguna de las siguientes circunstancias:

a) Orden expresa de anulación, cursada por el contribuyente, el sujeto pasivo, el titular de la cuenta o persona debidamente autorizada, comunicada al Servicio de Recaudación de la Diputación.

b) Modificación de la identificación del recibo (número fijo, matrícula) por el organismo responsable de la elaboración del correspondiente censo o padrón.

c) Cambio de titular según el padrón (sujeto pasivo) del recibo domiciliado.

d) Rechazo o devolución del cargo por la entidad financiera.

e) Incumplimiento, por el titular de la cuenta o la entidad financiera de las normas sobre domiciliaciones.

f) Anulación por el Servicio de Recaudación de la Diputación, por causas objetivas. En tal caso, la anulación será comunicada al contribuyente o, si afectara a gran número de ellos, publicada en el Boletín Oficial de la Provincia y en la prensa diaria de la provincia.

7. A la orden de domiciliación deberá adjuntarse documento bancario acreditativo tanto de la titularidad de la cuenta como de su correcta identificación.

8. Cuando el firmante de la orden sea el titular de la cuenta, se adjuntará una fotocopia de su DNI, salvo que la orden se presente sellada por la entidad financiera.

Cuando la orden de domiciliación fuese firmada por un representante o autorizado del titular de la cuenta, deberá estamparse necesariamente el sello de la entidad financiera.

El sello de la entidad financiera estampado en la orden de domiciliación supondrá que ésta ha comprobado tanto la identidad y capacidad del firmante así como los demás datos de la cuenta, y que ha tomado razón de dicha orden.

9. La identificación del recibo a domiciliar (cuadro nº 3) será el número fijo.

10. Las órdenes de domiciliación defectuosas se tendrán como no presentadas hasta que se corrija la deficiencia.

Para cualquier consulta o aclaración puede llamar al teléfono 900 132 204 o enviar un mensaje a la dirección electrónica atencion.tributaria@dacoruna.gal.